



- O diálogo, o respecto e a tolerancia son primordiais á hora de afrontar posibles problemas ou desavenencias entre veciños/as.
- Os comportamentos incívicos dificultan a convivencia diaria.
- Os nenos e as nenas aprenden o exemplo que dan as persoas adultas.



## ASPECTOS BÁSICOS SOBRE CONVIVENCIA CÍVICA



**Programa de Atención a Inmigrantes  
Concellería de Servizos Sociais, Muller,  
Igualdade e Sanidade.  
Concello de Burela**



### Ruidos

O descanso dos veciños/as é moi importante para unha boa convivencia, por este motivo, entre as 22:00 e as 8:00 horas, hai que evitar os ruidos de calquera tipo:

- Cantar, berrar, falar forte, saltar...
- Instrumentos musicais ou outros aparellos como a televisión, radio, cadea de música...
- Determinados electrodomésticos (aspiradora, lavadora).
- Trasladar mobles, facer reparacións domésticas, bricolaxe...
- Os donos/as dos animais domésticos deben de adoptar as precaucións necesarias para que os ruidos que producen non ocasionen molestias.
- Evitar os ruidos excesivamente altos a calquera hora do día, non poden superar os niveis permitidos.

### Evitar conductas molestas

- Tender a roupa excesivamente mollada de xeito que gotee.
- Regar as prantas en horas non permitidas, evitando que caiga auga á rúa.
- Lanzar pola ventá ou balcón obxectos ou suciedade ou sacudir toallas, alfombras.
- Tender a roupa en balcóns exteriores.

### Mantemento dos espacios comúns

Hai que evitar:

- Tirar papeis, envases, chicles, colillas...
- A acumulación de lixo para que non se produzan cheiros e non favorezan a aparición de insectos.
- Que o lixo gotee e deixe restos de líquidos polo chan.
- Que os animais domésticos ensucien estes espazos.
- Sobrecargar o ascensor.
- Deixar obxectos nos espazos comúns.
- Hai que manter as paredes limpas.
- Manter en bo estado os buzóns, o porteiro automático, os interruptores...
- Coidar o mobiliario público e respetalo.

### Lixo e outros residuos

- A franxa horaria para baixar o lixo é a partir das 20:00 h en inverno e das 22:00 h en verán.
- O lixo e os residuos débense depositar nos contenedores e/ou puntos de depósito que hai para cada clase de residuo.
- Para desfacerse de mobles, colchóns, sofás e similares pódese solicitar máis información na empresa correspondente.